

SITUACIÓN INTERNACIONAL: Derrota de Napoleón.

- **Tratado de Valençay*** (1813): Fin do reinado de Xosé I e recoñecemento de Fernando VII
- No **Congreso de Viena***, as potencias absolutistas vencedoras restauran a vella orde en toda Europa.
- **A Santa Alianza*** garante a defensa do absolutismo: posibilidade de intervención noutros países para frear o avance do liberalismo.

5.4.- FERNANDO VII (1814-1833)

Fillo de Carlos IV

No seu reinado pódense distinguir **tres períodos**

• **O SEXENIO ABSOLUTISTA (1814-1820)**

- Regresa a España en marzo de 1814.
- Os liberais pretenden integra ao rei no novo sistema, pero hai dúbidas sobre a súa postura. Fernando VII amosa a vontade de xurar a Constitución.
 - Os absolutistas ven na volta do rei a oportunidade de volver ao absolutismo. Premen para que declare nulas todas as reformas. **Manifiesto dos persas** (12/4/1814).
 - Co apoio de gran parte de eclesiásticos, nobres e xefes militares, Fernando VII dita os **Decretos** do 4 de maio de 1814 polos que **declara nula a Constitución** e os Decretos de Cádiz. Represión e exilio.
 - **Restauración das vellas institucións:** poder absoluto, réxime señorial, Tribunal da Inquisición
 - Necesidade de facer fronte á situación do país, destruído pola guerra, cunha agricultura desfeita, un comercio paralizado, finanzas en bancarota e Sublevacións nas colonias pola independencia.
- Fracaso dos sucesivos gobernos
- A **oposición**, formada por sectores descontentos, se organiza en sociedades secretas
- A burguesía liberal reclama a volta ao constitucionalismo
- Parte do campesiñado négase a pagar rendas e impostos
- No exército formase un sector liberal. **PRONUNCIAMENTOS MILITARES***(Xoan Díaz Porlier): a favor da substitución da monarquía absoluta por unha liberal, inspirada na Constitución de Cádiz. Fracaso de varios intentos e represión contra os liberais: detencións e execucións.

O TRIENIO LIBERAL (1820-1823)

- O 1 de xaneiro de 1820 ten lugar a **sublevación do coronel Riego** en Cabezas de San Xoán (Sevilla), secundada por unha pequena parte do exército. O 21 de febreiro, na Coruña, parte do exército, co apoio da burguesía, deteñen aos realistas e nomean unha **Xunta de Goberno de Galicia** que **restablece a Constitución**.
- O rei vese obrigado, polos éxitos dos pronunciamentos liberais, a xurar **de novo a Constitución de 1812** (Manifiesto á Nación española do 10 de marzo de 1820)
- Novo goberno. Amnistía e **convocatoria de eleccións:** Cortes con maioría liberal
- Restauráronse parte das reformas de Cádiz:
 - Liberdade de industria e de comercio e abolición dos gremios: estas medidas permitirían o desenvolvemento da burguesía
 - Supresión dos señoríos xurisdiccionais e morgados
 - Reforma do sistema fiscal, do código penal e do exército.
 - Capitalización do campo e consideración da terra como mercadoría (trataron de liquidar o feudalismo no campo)
 - Modernización política e administrativa
 - Creación da **Milicia Nacional:** corpo de voluntarios, formado por clases medias, urbanas, co fin de garantir a orde e a defensa das reformas constitucionais
- O Rei utiliza o **dereito de veto** para frenar o liberalismo. Conspirou e buscou alianzas con potencias estranxeiras.
- **Dúas correntes entre os liberais (moderados e exaltados)** que provocaron inestabilidade e favoreceu aos absolutistas e ao rei Fernando VII que nunca acatou con sinceridade a Constitución.

A DÉCADA OMINOSA OU ABSOLUTISTA (1823-1833)

ISABEL II

Rexencia de María Cristina (1833-36)

PRIMEIRA GUERRA CARLISTA